

ENTREVISTA CON ANTÓN PATIÑO

"Non participamos do suicidio colectivo"

Pintores, músicos, ideólogos, políticos, galeristas e amigos asistían o pasado 13 de novembro, á apertura do Museo de Arte Contemporánea en Vigo. Cortes varias a se mesturar no espacio panóptico do novo museo que arrinca coa exposicións Cardinais e Atlántica, simbolizando a interacción do propio e o alleo, do pasado e o presente.

As intencións do MARCO coinciden coas que levaban a un grupo de novos hai máis de dúas décadas a facer arte en Galicia, a reinventar as miradas herdadas. Eles, irados e irrespectuosos nos 80, posaban para a foto co concelleiro de Cultura local mentres unha peza dunha das obras expostas batía na testa do Presidente da Xunta. E o temporal estaba fóra. Falamos con Antón Patiño, un dos fundadores de Atlántica, xermolo do movemento que aínda hoxe segue abraiaando ao país todo, nostálxico se cabe daqueles anos en que Vigo "estaba no mapa".



Atlántica pretendía situar a arte galega no panorama internacional, o mesmo argumento que 22 anos máis tarde esgrime o MARCO. ¿Por que este atraso?

A demanda da construción dun museo aparecía xa no Manifesto de Atlántica. Emporiso, este tipo de proxectos desenvólvense a modo, en prazos decote non inferiores aos 15 anos. Afortunadamente, o entón alcalde Carlos Príncipe, nos seus últimos meses na Casa do Concello, adoptou a idea da recuperación simbólica dos antigos xulgados de Vigo. Normalmente, é o sector progresista o que turra do motor da cultura, entendéndoa como unha das claves do futuro da sociedade postindustrial, materia prima nunha economía terciaria. Non obstante, isto non sería posible sen a incorporación doutras forzas; ao igual que a reforestación, precisa da cooperación suprapartidista.

¿É posible sobrevivir a Atlántica?

Todas as propostas xeracionais son ben complexas en tanto cada artista é un mundo, un territorio, conta cunha poética propia, cunha visión do mundo e da materia única. Miradoiros distintos. Posteriormente, cada quen evoluciona de distinta forma. Verbo de Atlántica, incluso no caso dos desaparecidos Guillermo Monroy, morto aos 27 anos, Mon Vasco, aos 40, ou Reimundo Patiño, aos 49 e ponte coa xeración anterior, hai que acoutar universos propios, malia que todos participasemos e vivisemos ese horizonte de liberdade, esa perspectiva de utopía real xerada tralo remate da dictadura. Poderíase falar mesmo dun estado de excitación corporal; ganas de facer algo, sen cartos nin medios pero recuperando a identidade propia, naquel tempo un espazo inédito.

¿Cando se produce o encontro con Mancho Pereiro, asesor e impulsor do grupo?

Anxel Huete sinaláralo como o único afeccionado e coleccionista de arte capaz de facer a tolemia de nos apoiar en Vigo. Así, pese a non compartirmos estilos de vida, estableceuse como referente xeracional; quizais porque a súa paixón polo mundo e memoria da arte o facía consciente da aventura que estabamos emprendendo. Pódese dicir que a relación que establecemos entre nós, participantes todos no proxecto, constituíu a verdadeira universidade. Eu pasara pola institución, que me pareceu tremendamente aburrida, pero en Madrid coincido, por exemplo, con Manolo Rivas ou Lois Pereiro.

¿Erades máis modernos cando erades postmodernos?

En Galicia a postmodernidade non tivo ningún carácter decadente, foi totalmente vital, unha auténtica vangarda. Isto é evidente na música e explica porque os grupos galegos da época continúan aí. Estamos aínda de ida, mantemos a forza da primeira mirada, alleos a esa Galicia que esmorece, que participa do suicidio colectivo. Dende o comezo tivemos a convicción de posuímos unha característica diferencial propia.

Vigo na década dos 70 fora un laboratorio de experimentación de artistas, naquel entón adolescentes e polo mesmo sen complexos, que foron quen de crear unha vangarda autóctona.

O crítico norteamericano Dan Cameron dicía de nós, no ano 1984, que creabamos arte a partir da nada. Tamén se asociaba a nosa produción co expresionismo alemán, como unha sorte de derivación... descoñecía o expresionismo galego, o derradeiro aturuxo plástico. Atlántica fixo da cor a súa bandeira, o que rachaba co panorama nacional afeito ao branco e negro do Grupos El Paso ou dos pintores aglutinados en torno á revista Dau Al Set.

Así, o director do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Juan Manuel

Bonnet cualificábanos como “noroeste de cores iuxtapostas”. Creo que Vigo anos 80 converterase nunha sinécdoque para designar todo o acontecido nun país, nunha época determinada.

¿Que se sente vendo obxectos persoais e de uso cotián como fotos, cartas, convites... descontextualizados emocionalmente, expostos nun museo, formalizando dalgunha maneira o paso á historia dos posuidores, moitos coma ti aínda en activo?

Tal vez porque veño dun ambiente familiar determinado, no que estou afeito a convivir con libros asinados por Castelao ou cartas de Otero Pedrayo, véxoo como unha etapa da miña vida, do meu traballo, aínda que son totalmente consciente de que constitúe a sanción da súa transcendencia. Con todo, coido que a dimensión histórica dunha obra xa está na súa orixe, no seu xerme, non só no momento da recepción.

Como antigo paladín do atlantismo, ¿como ve a promoción do latino dende as institucións?

Galicia é dual, unha localización nórdica nun enclave mediterráneo. Persoalmente interésanme as vítimas da Inquisición, a realidade unitaria de Ernest Lluch...; nestes tempos de terrorismo de estado. A auténtica transgresión está nas mans dos creadores, no seu proxecto de reinvencción do imaxinario colectivo. Actualmente, todo é reducido á simple caricatura, todo o sagrado é profanado ao igual que o concepto de autoría, sen embargo a cultura é unha arma de liberdade fronte a este parque temático de alienación colectiva.

¿É imprescindible o apoio institucional?

O MARCO fíxose con cartos europeos, co diñeiro dos contribuíntes. Se o dis polas fotos da apertura... é normal que aparezan os representantes das institucións, especialmente cando queremos consolidar a idea de turismo cultural, malia que medien manifestos na súa contra...

Maite Posada-Curros

[Vieiros](#)